



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación.

Pola Orde do 13 de outubro de 2016 convocouse concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes desta consellería (DOG nº. 211, do 7 de novembro)

Procede agora facer pública a adxudicación provisional de destinos obtidos neste concurso de traslados. Na súa virtude esta dirección xeral

### DISPÓN

Primeiro. En virtude desta resolución provisional do concurso de traslados específico, adxudicar destino provisional aos funcionarios docentes do corpo de mestres que figuran na páxina web desta Consellería para cubrir prazas de xefatura de Departamento de Orientación nos centros que alí se especifican.

Segundo. Publicar a relación de excluídos na páxina web desta Consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo quinta da Orde do 13 de outubro de 2016, cabe reclamación no prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para reclamacións.

Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Cuarto. Os mestres que estean participando simultaneamente nesta convocatoria e no concurso xeral de traslados e que obteñan praza na xefatura de Departamento de Orientación, entenderase que renuncian á participación no concurso xeral.

Quinto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar en calquera das dependencias a que alude o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como no centro de destino sempre que, ademais, se remitan por correo electrónico a [persoal.primaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.es) ou por fax ao número 881-999241, dentro do prazo establecido.

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

